

## Deseño de construcións metálicas

Duración: 267 horas.

Este módulo está dividido nas seguintes unidades formativas:

- 🕒 UF1: Selección de materiais, dimensionado e elaboración da documentación técnica en construcións metálicas
- 🕒 UF2: Deseño de elementos de estruturas metálicas
- 🕒 UF3: Deseño de elementos de caldeiraría
- 🕒 UF4: Deseño de elementos de tubaxe industrial

Con esta formación, os alumnos poderán desempeñar funcións en empresas de fabricación mecánica relacionadas co desenvolvemento de proxectos de construcións metálicas; coa organización da produción; coa xestión e supervisión dos procesos de fabricación, montaxe ou reparación de construcións metálicas e co control da calidade.



*máis información*

Para acadar este obxectivo durante o curso realízanse os seguintes traballos:

- 🕒 Determínanse os materiais necesarios para a fabricación e a montaxe de produtos de construcións metálicas, identificando as súas propiedades, as súas formas, as súas dimensións e as súas designacións comerciais e aplicando normas de protección ambiental na súa selección.
- 🕒 Analízanse diversas construcións metálicas e os seus compoñentes.

- ⌚ Dimensiónanse elementos de construcións metálicas, segundo as cargas que soportan e os tipos de esforzos que sofren.
- ⌚ Elabórase a documentación técnica do produto.

